



Procesos
Participativos
Abertos
á Cidadanía

Orzamentos Participativos da Coruña

Kit de Participación



Índice

02 / Introducción

03 / Obxectivos deste kit de participación

04 / Obxectivos dos encontros

04 / Como preparamos os encontros?

07 / 1. Benvinda e acollida das persoas participantes.
Presentación da orde do día e obxectivos do encontro
(10-15')

08 / 2. Programa de orzamentos participativos 2017:
información e dúbidas (20')

12 / 3. "Café Diálogo" sobre orzamentos participativos (45')

14 / Información útil para acompañar un grupo

16 / Mediación de conflitos



Introducción

A Porta Aberta é un novo dereito para a cidadanía. É o nome dos procesos participativos postos en marcha polo Concello da Coruña a través da Concellaría de Participación e Innovación Democrática.

Os procesos participativos son tempos e espazos para pensar, de xeito colectivo, sobre os asuntos relevantes da cidade e que afectan á vida das persoas, aos barrios e á cidade en xeral.

O primeiro proceso participativo levado a cabo polo Concello foi a organización da cidade en distritos. O segundo, un proceso para deseñar as políticas públicas para a mocidade coa xente moza. O terceiro proceso participativo que activa o Concello é o proceso de orzamentos participativos.

Os orzamentos participativos son unha ferramenta para que a veciñanza da Coruña decida libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do Concello.

Por primeira vez na nosa cidade decidiremos sobre que investimentos queremos para o 2017. A cantidade á disposición desta experiencia piloto é dun millón de euros.

Para posibilitar que a cidadanía poida debater sobre as necesidades da cidade e dos barrios, o Concello vai desenvolver unha serie de encontros presenciais e ademais facilitará unha serie de materiais para que, as entidades que así o decidan, poidan desenvolver encontros para o debate coa cidadanía.



Obxectivos deste kit de participación

Este kit de participación pretende servir de guía para organizar os encontros sobre os orzamentos participativos que se van a celebrar ao longo da cidade da Coruña.

Estes encontros presenciais teñen como obxectivo debater sobre as necesidades dos barrios e da cidade para que a veciñanza poida realizar propostas posteriormente con máis información sobre as necesidades das demais veciñas e veciños.

Estos encontros presenciais se realizarán por todo o Concello e podeades obter máis información sobre eles na plataforma de participación A Porta Aberta www.aportaaberta.coruna.es

Estes encontros están organizados directamente pola Concellaría de Participación e Innovación Democrática, polas Bibliotecas Municipais, polo CMIX e polas entidades da cidade que así o decidan.

○ obxectivo deste encontros, como xa comentamos arriba, vai ser achegar información e promover a reflexión e o debate sobre que tipo de investimentos precisa A Coruña.

○ kit de participación está pensado para facilitar o desenvolvemento destes encontros.



Obxectivos dos encontros

1. Presentar e explicar a información básica sobre o proceso de orzamentos participativos, indicando claramente cales son os obxectivos, onde e cando participar, como participar, tipo de propostas que se poden facer e aclarar posibles dúbidas.
2. Promover a reflexión e o debate sobre os orzamentos participativos e as necesidades de investimento na cidade e nos barrios.
3. Animar á participación cidadá facendo propostas na plataforma de participación www.aportaaberta.coruna.es

Como preparamos os encontros?

Espazo

O espazo é moi importante para axudar a crear un clima favorable de participación. Para este encontro necesitamos as mesas e cadeiras precisas para albergar á xente que vaiamos convocar. As persoas van traballar en pequenos grupos. Tedes que establecer os límites que consideredes en función do aforo dispoñible e da capacidade de organización e mediación.



Sería bo ter un espazo coas cadeiras en semicírculo para a primeira parte do encontro -fase informativa- e outro espazo con cadeiras e mesas para o debate dispostos en pequenos grupos de cinco ou sete persoas como máximo. Se non tedes as suficientes mesas, podedes dispor as cadeiras en círculos cun pequeno soporte no medio para escribir. O feito de traballarmos en pequenos grupos circulares pretende fomentar que se fale cara a cara, que todo o mundo teña voz e, por tanto, todo o mundo escoite. Ver as caras convida á responsabilidade coas outras persoas e a prestar atención. O círculo crea horizontalidade, non hai persoas privilexiadas ou centrais, todas están ao mesmo nivel.

Debemos dispor de espazo amplo, onde a xente se sinta cómoda, un mobiliario adecuado e, se pode ser, algo para petiscar ou beber.

Se for posible, tamén é importante ter luz natural e que o espazo teña unha temperatura adecuada.

Materials

Mesas, cadeiras suficientes para o grupo de persoas que se pretenda convocar, "manteis" de papel (ou folios grandes, cartolinas, etc.) para escribir neles, bolígrafos ou rotuladores son os materiais básicos para desenvolver os encontros.

Se hai posibilidade de acompañar con algo de comer e beber ou música suave de fondo, axudará a promover un ambiente distendido que favoreza o diálogo e o intercambio de ideas.

Pode que decidades acompañar a parte expositiva dunha presentación ou dun dos vídeos que hai na plataforma web, nese caso precisarías computador, canón e pantalla para proxectar. Estes materiais están dispoñibles na plataforma www.aportaaberta.coruna.es



Inscricións

Para cubrirdes as necesidades loxísticas e terdes unha previsión de canta xente ten interese en vir, podedes solicitar inscrición previa. Nese caso, podedes habilitar o sistema que sempre utilizades para outro tipo de actividades.

No caso de que a asistencia supere as previsións, non vos preocupedes porque será bo sinal. Onde collen dous, collen tres e, se non for posible, sempre podedes remitir ás persoas non inscritas aos múltiples encontros que van ter lugar durante esta fase informativa en diferentes datas e lugares, ou ben organizar un segundo espazo de debate se o considerades oportuno.

Orde do día

Debémola pór nun lugar visible no espazo para que todo o mundo que vaia chegando poida situarse. Cómpre lérmola en alto ao comezo da reunión e asegurarnos que se traten todos os temas ao longo do encontro. Se non tedes encerado ou proxector, podedes imprimir algunha copia da orde do día para colocar en varios puntos do espazo de debate ou para repartir entre as persoas asistentes.

A orde do día que vos propomos para estes encontros contén tres puntos básicos e a súa duración aproximada é de 1.30h.

1. Benvida e acollida das persoas participantes. Presentación da orde do día e obxectivos do encontro (10-15')
2. Programa de Orzamentos Participativos 2017: Información e dúbidas (20')
3. "Café diálogo" sobre Orzamentos Participativos (45')



1. Benvida e acollida das persoas participantes. Presentación da orde do día e obxectivos do encontro (10-15')

Desde a hora prevista para o inicio até realmente comezar, podemos deixar un breve espazo de tempo para que a xente vaia chegando, tomando asento, etc. É bo recibirmos as persoas na entrada e poder acompañalas ou resolver algunha necesidade. Todo isto axudaranos a crear unha mellor atmosfera.

Unha vez consideremos que pode dar comezo a xuntanza, sen nos demorar moito por respecto tamén ás persoas puntuais, presentaremos a orde do día prevista e os obxectivos do encontro.

Facémolo para que a xente teña toda a información antes de comezar a reunión: de que puntos se vai falar, con que fin e canto vai durar.

Para calquera tipo de xuntanza é fundamental ter presente e compartir os obxectivos, é dicir, o sentido da súa convocatoria. Ter isto claro axudará en si mesmo a orientar as demandas e necesidades que poidan xurdir entre as persoas participantes e a poder centrar a xuntanza no caso de que se desvíe o tema e o consideremos preciso.

Lembre que neste caso os obxectivos principais son:

1. Presentar e explicar a información básica sobre o proceso clarificando as dúbidas das persoas participantes.
2. Promover a reflexión e o debate sobre os orzamentos participativos e as necesidades de investimento na cidade.
3. Animar á participación cidadá.

2. Programa de orzamentos participativos 2017: información e dúbidas (20')

Comezaremos o encontro dando resposta ás preguntas fundamentais:

- Que é un Programa de Orzamentos Participativos?
- Que tipo de propostas podo facer?
- Quen, onde, como e cando pode participar?

Non é preciso ter unha presentación feita, mais si é recomendable ter un soporte onde poder ir recollendo por escrito algunhas palabras clave ou cuestións que vaian saíndo. Os apoios visuais axudan moito á comprensión e retención da información. Lembrade usar unha letra clara e visible para todo o mundo.

Tampouco se trata de que vos deteñades neste punto en exceso. Só achegar a información fundamental. Para calquera dúbida a propia plataforma web dos orzamentos, de uso moi intuitivo, ten un espazo onde se recolle toda a información e poden ser resoltas as dúbidas.

Durante a vosa exposición, ou ao final dela (como vos sexa máis cómodo), favorecede que as persoas asistentes teñan oportunidade de resolver as dúbidas que poidan ficar da vosa explicación.

A primeira parte do encontro, vai consistir en presentar a información básica sobre o proceso. Información que se pode ampliar na plataforma web de orzamentos participativos ou www.aportaaberta.coruna.es. Esta explicación podedes apoiala cos materiais audiovisuais que van estar dispoñibles nesta web.



É fundamental que teñas clara a información básica, pois unha das vosas funcións é precisamente trasladar esta información ás persoas participantes. Velaí a información básica:

Que é un Orzamento Participativo?

Unha ferramenta para que os veciños e as veciñas da Coruña decidan libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do seu Concello.

Neste caso, unha experiencia piloto onde por primeira vez decidiremos investimentos para o 2017 por un millón de euros .

Que tipo de propostas se poden facer?

Pódese facer calquera proposta de investimento que se queira que o Concello leve a cabo na cidade. Para ser válida, a proposta ten que ser considerada como investimento e ten que ser legal e viable.

Que é un investimento?

Todo aquilo que o Concello pode construír ou adquirir. A súa duración prevista é superior a un ano. Teñen que reunir as seguintes características:

1. Que non sexan bens funxibles, é dicir, que non se consuman co uso.
2. Que teñan unha duración superior ao exercicio orzamentario, 12 meses.



3. Que sexan susceptibles de inclusión en inventario, sendo este unha relación detallada, ordenada e valorada dos elementos que compoñen o patrimonio.

4. Que sexan gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.

Que non é un investimento?

- Bens funxibles, é dicir, que se consuman.
- Gastos correntes: salarios, mantemento, contratación de empresas, alugamentos de edificios, subministracións.
- Ampliación do horario do servizo de autobuses ou modificación de rutas.
- Subvencións: para familias ou ONGs, bolsas para estudo ou emprego, ou premios.

Que non é competencia municipal?

- Construción de colexios, centros de saúde ou institutos.
- Infraestruturas de estradas de acceso á Coruña e ferrocarril.
- Investimentos en solares ou terreos non municipais.
- Comisarías.



Cales son as fases do proceso?

Fase	Contido	Datas (orientativas)
Fase I	Información, encontros presenciais e debates	Xuño
Fase II	Recollida de propostas na web	Xuño
Fase III	Apoios para as propostas da web	Xuño - Xullo
Fase IV	Valoración técnica e económica das propostas (persoal do Concello)	Xullo - Setembro
Fase V	Votación final	Setembro - Outubro

Quen pode participar? Onde? Como?

Poden participar todas as persoas empadroadas na Coruña maiores de 16 anos.

Entrando na web de A Porta Aberta www.aportaaberta.coruna.es

Se non tes conexión ou calquera outra dificultade, podes achegarte ás Bibliotecas Municipais da Coruña <http://www.coruna.es/bibliotecas> ou CMIX, Centro de Información Xuvenil: <http://www.coruna.es/cmixon>

3. “Café Diálogo” sobre orzamentos participativos (45’)

- O “Café diálogo” é unha metodoloxía para crear redes de conversa. Baséase en facer rondas de conversas en pequenos grupos (unhas 4-5 persoas) e, a medida que se avanza nas rondas, as conversas móvense a niveis máis profundos e complexos. Para que funcione ben é importante coidar o espazo, a atmosfera do grupo, etc.
- O primeiro que temos que facer é formar grupos. Podemos ter disposto o espazo con 4-5 cadeiras por mesa, de maneira que os grupos se conformen a medida que van ocupando asentos. Precisaremos ter unha estimación de asistencia ou un aforo previo limitado.
- Tamén podemos usar algunha técnica para promover que as persoas que veñen xuntas non senten tamén xuntas e poidan intercambiar opinións con xente descoñecida ou con quen non o fan tan habitualmente: asignar números, cores ou outros códigos aleatoriamente. Por exemplo, se hai 30 persoas, podemos facer 5 grupos de 6 persoas cada grupo. Entón daremos á xente un número do 1 ao 5 e poremos a todas as persoas que teñen o número 1 na mesa 1, a todas as persoas que teñen o número 2 na mesa 2, así sucesivamente até completar as 5 mesas con 6 persoas por mesa. O mesmo sistema se decidimos usar cores, nomes de froitas, etc.
- Unha vez que están formados e acomodados os grupos, traballaremos con dúas preguntas motivadoras que faremos en 3 rondas de 15 minutos. Unha ronda para a primeira pregunta e dúas rondas de 15 minutos para a segunda:



1. Que significa para min participar deste proceso e decidir sobre parte dos investimentos da cidade?

2. Que preciso eu? Que precisa a miña cidade? Que proposta(s) de investimento(s) quero debater /compartir cos meus veciños e veciñas?

- Para cada mesa teremos un “mantel” (poden ser manteis de papel, papel de estraza, etc) onde as participantes irán apuntando as ideas que se lles ocorran na conversa. Unha vez transcorrido o tempo (15’) convidaremos o grupo a mudar de mesa. A todos e todas menos a unha persoa, o/a anfitrión/a.
- En cada mesa, o anfitrión ou a anfitroia é a encargada de permanecer no mesmo sitio para acoller as novas persoas participantes e sinalas brevemente cunha síntese do que se falou anteriormente. O obxectivo é que os debates previos sirvan de catalizador de novas ideas para dar resposta á pregunta.
- É fundamental insistir en que a base desta metodoloxía é o diálogo a través do que unha persoa expón unha idea que provoca a aparición doutra idea noutra persoa. Non se trata de convencer, nin de ver que idea é a mellor, senón de conectar ideas e ver onde nos leva esa forma de conexión. Nas mesas, non se valora nin se discute sobre as ideas, EXPLÓRANSE.
- Unha vez feitas as tres rondas, hai unha breve posta en común. A idea é visibilizar o traballo colectivo feito (por exemplo, mostrando os “manteis” colectivos) e dar un titular ou unha impresión do traballo feito polas distintas mesas.
- Por último, faise unha breve valoración do traballo en grupos, algo que responda a como nos quedamos despois da conversa. Esta valoración tamén é moi breve e pode facerse cunha palabra.



Información útil para acompañar un grupo

Obxectivos

É moi importante ter claro o sentido do encontro e expolo con esa mesma claridade para non xerar falsas expectativas ou confusións que leven a frustracións. Esta é unha das claves para coidar un grupo. A nosa función como persoas facilitadoras é orientar a reunión para que se cumpran estes obxectivos.

Espazo

○ espazo é moi importante para axudar a crear ese clima.

Clima

Téntase favorecer unhas relacións de cooperación e respecto mutuo. O noso papel é facilitar este clima. A metodoloxía xa favorece iso, nós temos que ter moi presente (e transmitirlo cando sexa preciso) que non se trata de convencer a ninguén, só explorar e complementar ideas. Os conflitos que poidan xurdir deben resolverse de forma positiva e non violenta. É moi importante que nós, desde o noso rol de facilitadoras, non nos posicionemos nun conflito.



Apreciación

Temos que estar atentas ao clima do grupo e como se van sentindo as persoas que están nel. Para levar adiante o café diálogo, é fundamental o papel da “anfritionaxe” que ten que facer de fío condutor nos debates e acoller toda a complexidade de voces que alí aparezan. Nós temos que apoiar ese labor e ir polos diferentes grupos observando por se precisan algo de nós.

Non podemos esquecer a celebración. Darlle a importancia que merece ao feito de estarmos neste espazo veciñas e veciños con ganas de enriquecer, debater, opinar sobre a nosa cidade.

Recursos formais para unha reunión

Convocatoria

Nela teñen que fixarse os obxectivos e a orde do día. Ademais de información clara tamén debe levar contidos motivadores. É preciso asegurarnos que chegue a toda a xente que queira participar. É importante que a hora e data sinaladas faciliten a participación.

Duración

Quen participa debe saber cando conclúe a reunión. Deberíamos rematar á hora fixada. Se vemos que vai durar un pouco máis, é preciso avisar o grupo. Porén, non deberá superar as dúas horas. Debemos minimizar a extensión do tempo previsto: faltas de puntualidade, momentos de confusión, abordar cuestións sen estar na orde do día, etc.



Moderación

Neste encontro temos dúas funcións, por un lado, a función informativa e por outro, facilitar o encontro. Desde o noso rol de informantes temos que asegurarnos de que a información sexa completa, comprensible e comprobar que se vai entendendo. Desde o noso rol de facilitadoras, debemos acompañar o grupo para que cumpra os seus obxectivos.

Teremos que mediar nos conflitos, posibilitar que todo o mundo fale, recoller algunha proposta do grupo para saír dalgún bloqueo, ordenar e sintetizar as ideas que vaian saíndo.

Mediación de conflitos

Se hai un conflito presente, o mellor que podemos facer é darlle espazo para que se exprese de maneira normalizada. Se tentamos ocultar o conflito, en lugar de parar, pode escalar. En calquera caso, este é un espazo de debate e intercambio de ideas entre a veciñanza sobre os orzamentos participativos, se alguén insiste en expresar o seu malestar sobre calquera outro tema non relacionado coa convocatoria, convidaremos esa persoa a que se dirixa ao lugar axeitado.

Deberíamos cortar intervencións que usen argumentos de autoridade ou descualificacións. Nós temos un rol importante e con rango suficiente para parar este tipo de actitudes. De todas maneiras, sempre é bo pedirmos a colaboración do propio grupo para que fagan un esforzo e velen polo bo clima. Esta é unha responsabilidade de todas e todos.